

CORRECCIÓN DE ERROS

Advertido un erro no punto segundo do acordo sobre as instrucións e criterios de corrección para a realización do terceiro exercicio, relacionado co proceso selectivo para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, que foron publicadas no Taboleiro de anuncios electrónico da USC con data 20.05.2025, procede realizar a seguinte corrección:

Onde di:

«Segundo: Aprobar os seguintes criterios de corrección e avaliación:

- O exercicio consistirá na resolución de dous supostos prácticos a elixir entre tres propostos polo Tribunal. Cada suposto comprenderá 10 preguntas curtas cunha valoración de 2,25 puntos por cada unha delas, sobre calquera tema dos bloques do programa recollido no Anexo II, agás o bloque 1 (Organización do Estado e Unión Europea).
- Cada exercicio cualificarase de 0 a 45 puntos e será necesario para superar a proba que a suma das puntuacións obtidas nos dous supostos elixidos polos aspirantes sexa un mínimo de 22,5 puntos.
- Non se procederá á corrección e excluírase do proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que consignen nas follas de exame o seu nome e/ou apelidos, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.
- Valorarase, ademais da correcta resolución dos supostos, a capacidade de síntese e a claridade de ideas.»

Debe dicir:

«Segundo: Aprobar os seguintes criterios de corrección e avaliación:

- O exercicio consistirá na resolución de dous supostos prácticos a elixir entre tres propostos polo Tribunal e cualificarase de 0 a 45 puntos. Cada suposto comprenderá 10 preguntas curtas cunha valoración de 2,25 puntos por cada unha delas, sobre calquera tema dos bloques do programa recollido no Anexo II, agás o bloque 1 (Organización do Estado e Unión Europea).
- Será necesario para superar a proba que a suma das puntuacións obtidas conxuntamente entre os dous supostos elixidos sexa un mínimo de 22,5 puntos.
- Non se procederá á corrección e excluírase do proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que consignen nas follas de exame o seu nome e/ou apelidos, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.
- Valorarase, ademais da correcta resolución dos supostos, a capacidade de síntese e a claridade de ideas.»

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A presidenta do tribunal
Minia García Angulo

- Taboleiro de anuncios da sede electrónica da USC
(<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm?idPublObx=0>)
- Páxina web de convocatorias da Subárea de Planificación de PAS
(<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oeplistado>).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MINIA GARCIA ANGULO, XEFE A DA SUBAREA DE CONTABILIDADE,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/05/2025 12:31:39.

CSV: 29B8-E7D3-4CE3-AF3E